

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2009.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**ACTAS ANTERIORES.**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente á sesión do 09 de outubro de 2009.

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**1.1.-** Dase conta do escrito presentado por D<sup>a</sup> Carmen Ortiz Pedraza, en nome e representación da entidade mercantil FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A., Rexistro de Entrada nº 4868, de data 13 de outubro de 2009, comunicando que as construcións e instalacións de France Telecom España S.A., sitas no lugar de Outeiro, parroquia de Parada (Silleda), foron retiradas deixando a finca libre.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e que por parte da Policía Local se comprobe si realmente xa foron retiradas tódalas construcións e instalacións referidas no mesmo.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

### **2.1.- “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local.**

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Tres, polo importe de 231.957,15 □□□, correspondente a obra “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Indeza Edificación y Obra Civil S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Tres da obra “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 231.957,15 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº José Pereiras Sánchez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
13.10.09	FV09/223	Indeza Edificación y Obra Civil S.L.	231.957,15 □□□

### **2.2.- “Acondicionamento da Praza de Benito Rivas”**

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Un e final, polo importe de 29.339,33 □□□, correspondente a obra “Acondicionamento da Praza de Benito Rivas” correspondente ó convenio asinado o día 25 de marzo de 2009 entre a Consellería de Vivenda e Solo e este Concello, executada por Urbanizaciones del Deza S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un e final da obra “Acondicionamento da Praza de Benito Rivas”, por importe de 29.339,33 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº Luis Llorente Taboada.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
09.10.09	09/10	Urbanizaciones del Deza S.L.	29.339,33 □□□

3º.- Aprobar a Acta de Recepción, de data 25 de setembro de 2009

**3º.- INTERVENCIÓN.-**

**3.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00072-09, de data 16 de outubro de 2009, ascendendo a mesma a un importe total de 162.001,16 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

**3.2.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00074-09, de data 16 de outubro de 2009, ascendendo a mesma a un importe total de 18.905,35 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

**3.3.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00075-09, de data 16 de outubro de 2009, ascendendo a mesma a un importe total de 36.606,52 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

**ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vintecinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,